

CERTIFICACIÓN

Lucia Artime Alonso, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 09 de outubro de 2025, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO SEGUNDO. APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA DO VIII PREMIO LINGUA E EMPRESA DO CONCELLO DE AMES 2025. EXPEDIENTE GD 16803/2025

Figura no expediente, Providencia de inicio da Alcaldía, de data 25.09.2025 ([CSV:15220IDOC2551E4695C6582D4FA7](#))

Figura no expediente informe proposta de bases da VII Edición do Premio Lingua e Empresa do Concello de Ames asinado polo concelleiro delegado de Normalización lingüística e a técnica do servizo de data ([CSV:15220IDOC20C9483FB54A9F84BB9](#))

Figura Informe de Secretaría sobre o procedemento, de data 06.10.2025 ([CSV:15220IDOC250B737FEFB6916488D](#))

Figura no expediente informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (informe 526/2025) ([CSV:15220IDOC27C578CD115B32F4ABA](#))

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2023-2025, ten prevista dentro das subvencións en materia de Normalización Lingüística a seguinte axuda:

LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBJECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVIS-TO 2023	CUSTE ANUAL PREVIS-TO 2024	CUSTE ANUAL PREVIS-TO 2025	ECONÓMICA	FUNCIONAL	FINANCIAMENTO	PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN
Premios dinamización da lingua no sector económico	Promover o uso do galego entre os habitantes do concello de Ames concretamente no sector económico	Conseguir a participación activa de certos colectivos nas actividades de normalización lingüística organizadas polo concello	Empresas, autónomos e profesionais que teñan o seu centro de actividade no concello de Ames	2023 2025	3.000,00	3.000,00	3.000,00	3343	48105	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación do alcalde (decreto 1983/2023, BOP núm. 120 do 26.06.2023), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobación das bases e a convocatoria do VIII Premio Lingua e Empresa do Concello de Ames. As bases da convocatoria figuran como Anexo I.

Segundo. Autorizar o gasto por importe de 3.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3343.48105 do orzamento municipal en vigor.

Terceiro. Publicar a convocatoria seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvención (LXS), a través do envío do extracto da convocatoria á Base Nacional de Subvencións (BNS) para a súa remisión ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.

Cuarto. Trasladar o presente acordo aos departamentos municipais afectados para os efectos oportunos.

Quinto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Anexo I

BASES DA VIII EDICIÓN DO PREMIO LINGUA E EMPRESA DO CONCELLO DE AMES

Concellería	Normalización Lingüística e Promoción Económica
Anualidade	2025
Denominación	Convocatoria de premios: VIII Premio Lingua e Empresa do Concello de Ames
Persoas beneficiarias	Empresas con sede ou centro de actividade no Concello de Ames
Aplicación orzamentaria	3343.48105
Importe da convocatoria	3.000 €

PRIMEIRA.- Obxecto, e finalidade da convocatoria

A convocatoria do Premio Lingua e Empresa do Concello de Ames ten como finalidade promover o uso da lingua galega na actividade económica do Concello de Ames, concretamente na actividade empresarial, e recoñecer publicamente a contribución deste sector no aumento e mellora do uso social do galego.

Ademais, preténdese converter este premio nun referente anual para o sector socioeconómico amesán que contribúa a crear espazos de encontro e intercambio a prol de fortalecer a rede de empresas en galego do Concello de Ames (REGA).

O premio divídese en **dúas categorías**:

A. Uso consolidado da lingua: empresas que veñen realizando un uso estable e continuado da lingua galega desde hai máis de dous anos (anterior ao 21/11/2023).

B. Nova incorporación da lingua: empresas que se crearon nos últimos dous anos ou que incorporaron o galego na súa actividade dentro dese mesmo período (desde o 21/11/2023)

* As empresas que mudaron os seus usos lingüísticos para incorporar o galego deben acreditar os ditos cambios.

SEGUNDA.- Requisitos das empresas participantes

Poderán optar a este premio todas as empresas que teñan a súa sede social ou centro de actividade no Concello de Ames.

Non poderán participar nesta convocatoria as persoas físicas que cumprindo os requisitos específicos de

participación establecidos, estean incursas nalgunha das causas de prohibición para percibir subvencións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

As persoas participantes están obrigadas a presentar unha declaración de non atoparse incursos en ningunha das prohibicións previstas no citado artigo 13 de Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Así mesmo, os e as participantes deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames e do cumprimento das obrigacións por reintegro de subvencións.

Non poderán participar no concurso as persoas que formen parte do xurado, así como calquera outra persoa que teña un parentesco en primeiro ou segundo grao con algún membro do xurado.

A participación na presente convocatoria implica a aceptación das normas recollidas nestas bases reguladoras e a inapelable decisión do xurado.

A presente convocatoria de premios tramitarase na forma de concorrencia **competitiva**.

TERCEIRA.- Prazo de inscrición e procedemento de presentación de candidaturas.

O prazo de presentación de candidaturas comezará o día seguinte da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará o **21 de novembro de 2025 ás 14.00 h.**

Para participar, as empresas interesadas deberán achegar debidamente cuberta e asinada a **FICHA DE PARTICIPACIÓN DO PREMIO LINGUA E EMPRESA** xunto coa documentación, indicada na propia ficha, que acredite os méritos alegados. Esta ficha pode solicitarse no correo normalizacion@concellodeames.gal ou descargala da web municipal www.concellodeames.gal

A documentación pode presentarse de xeito telemático a través da sede electrónica do Concello de Ames (sede.concellodeames.gal) ou a través do correo electrónico normalizacion@concellodeames.gal

As empresas que presentasen a súa candidatura en edicións anteriores e non fosen premiadas seguirán sendo candidatas nesta edición, a non ser que formalmente manifesten a súa oposición a participar nestes premios.

CUARTA.- Importe da convocatoria e importe dos premios.

Trátase dunha subvención en réxime de concorrencia competitiva.

O importe da convocatoria e dos premios ascende a 3.000€ e imputarase á aplicación orzamentaria 3343.48105 do orzamento municipal en vigor.

Esta convocatoria establece dous premios de 1.500€, un para a empresa gañadora na categoría de uso consolidado da lingua e outro para a empresa gañadora na categoría de nova incorporación.

Ademais deste importe económico, as empresas premiadas poderán realizar unha campaña de difusión na Radio Municipal de Ames.

Se o xurado o considera oportuno, os premios poderán outorgarse ex aequo.

Os premios daranse a coñecer nunha gala o 15 de decembro de 2025.

QUINTA.- Composición do xurado.

O xurado estará formado por tres persoas, unha representante das empresas premiadas na edición anterior, outra da Asociación de Consumidores e outra especialista en normalización lingüística. Ademais, incorporará un secretario ou secretaria, con voz e sen voto, en representación do Concello de Ames.

A súa composición publicárase con antelación á emisión do ditame e será fixada pola Alcaldía, segundo a proposta dos departamentos municipais de Normalización Lingüística e Promoción Económica. A decisión do xurado será inapelable.

SEXTA.- Criterios de valoración para a concesión dos premios

O xurado valorará o uso da lingua galega na actividade empresarial en todo o que teña que ver coa comunicación externa ou interna, tanto oralmente como por escrito.

Tamén se terá en conta o **impacto** que a actividade empresarial poida ter en sectores especialmente relevantes para o proceso de normalización lingüística.

En concreto, terase en conta o seguinte:

A. Comunicación externa ou relacional (ata 35 puntos)

- Páxina web da empresa, se a tivese.
- Redes sociais da empresa, se as tivese
- Sinalética e comunicación do establecemento empresarial
- Campañas publicitarias ou materiais promocionais en calquera soporte
- Uso habitual do galego nas súas actividades e nos seus servizos
- Atención á clientela e ao público en xeral
- Calquera outro mérito que a empresa queira salientar

B. Comunicación interna ou de xestión (ata 15 puntos)

- Comunicación interna co persoal ou entre os diferentes departamentos, se os houbese.
- Existencia de normas de usos lingüísticos que fomenten o uso do galego e a diversidade lingüística.
- Calquera outro mérito que a empresa queira salientar

C. Impacto da actividade empresarial en sectores relevantes para o proceso de normalización lingüística (ata 10 puntos)

Para a comprobación destes méritos, as empresas candidatas deberán indicar os enlaces de información correspondentes ou achegar materiais impresos. Ademais, **facilitaranlle ao Concello de Ames toda a información que se lles requira sobre os usos lingüísticos na súa comunicación externa ou interna ou sobre a veracidade dos datos achegados na candidatura.**

SÉTIMA.- Procedemento de concesión dos premios.

Os órganos competentes para a instrución do procedemento serán os departamentos de Normalización Lingüística e Promoción Económica do Concello de Ames.

Estes departamentos porán a disposición do xurado todas as candidaturas recibidas dentro do prazo establecido. Se algunha das candidaturas incumpre os requisitos establecidos faráselle saber ao xurado para que determine se procede ou non a súa exclusión.

As deliberacións do xurado son secretas e non se establecerá comunicación ningunha coas persoas participantes.

Os departamentos de Normalización Lingüística e Promoción Económica, de acordo co ditame do xurado, proporánlle á Xunta de Goberno Local do Concello de Ames, órgano competente en virtude do decreto de delegación da Alcaldía núm. 1983/2023, de 26 de xuño, a concesión dos premios e a resolución definitiva da convocatoria.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Ames despois da gala de entrega de premios e a dita publicación servirá de notificación.

Contra a resolución de concesión que se dite, que pon fin á vía administrativa, e tendo en conta que a decisión do xurado sobre as empresas gañadoras é inapelable, poderá interporse potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ames.

A decisión do xurado farase pública na Gala Lingua e Empresa o **luns, 15 de decembro de 2025 na Casa da Cultura do Milladoiro.**

Non se considerarán outorgados os premios ata que a Xunta de Goberno Local do Concello de Ames aprobe e publique a concesión.

As empresas premiadas poderán mencionar na súa comunicación a obtención desta distinción e mesmo incluíla na súa publicidade ou papelería.

OITAVA.-Publicidade

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, mediante o extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na páxina web municipal do Concello de Ames.

Todas as publicacións relacionadas co premio, posteriores á publicación destas bases realizaranse na páxina web municipal.

Os datos persoais facilitados polas persoas participantes terán como única finalidade a participación no Premio Lingua e Empresa e procederase á súa eliminación unha vez se resolva esta convocatoria.

NOVENA.- Instrución do procedemento

O procedemento de instrución e resolución levarano a cabo os Departamentos de Normalización Lingüística e Promoción Económica do Concello de Ames, nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei xeral de subvencións.

DÉCIMA.-Medios de notificación e publicidade

A resolución do procedemento publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de conformidade co establecido no art. 26 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións .

Un extracto da presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, o texto íntegro poderá consultarse na Base Nacional de Subvencións (BDNS) accesible desde <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Pagamentos e reintegros.

O pagamento dos premios realizarase mediante transferencia bancaria á conta que indique a persoa premiada.

Os premios serán reintegrados nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA.- Protección de datos.

O concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos recadados nesta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica de tramitar a convocatoria dos “VIII PREMIOS LINGUA E EMPRESA DO CONCELLO DE AMES”, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.

A lexitimación do tratamento está baseada no cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos da subvención concedida e a identificación dos/das beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento e en base á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas publicarase a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamirás - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

DÉCIMO TERCEIRA.- Órganos de control das achegas concedidas.

As persoas beneficiarias dos premios concedidos polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen cos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

DISPOSICIÓN FINAL

A participación neste certame implica a completa aceptación das bases e das decisións do xurado designado.

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Anexo II

FICHA DE PARTICIPACIÓN NO VIII PREMIO LINGUA E EMPRESA CONCELLO DE AMES

1. DATOS DA CANDIDATURA

Nome da empresa:

Representante:

Data de creación da empresa:

Data de incorporación do galego:

Enderezo postal:

Teléfono:

Enderezo electrónico:

Enderezo web:

No caso de non ser premiada, acepto que a empresa que represento sexa candidata a este premio en vindeiras edicións. **O SI O NON**

2. CATEGORÍA NA QUE SE PRESENTA (marque unha opción)

A. USO CONSOLIDADO DA LINGUA: empresas que realizan un uso estable e continuado da lingua galega desde hai máis de dous anos (anterior ao 21/11/2023)	
B. NOVA INCORPORACIÓN DA LINGUA: empresas que se crearon nos últimos dous anos ou que incorporaron o galego nese mesmo período (desde 21/11/2023) * As empresas que mudaron os seus usos lingüísticos para incorporar o galego deben acreditar os ditos cambios	

3. MÉRITOS QUE SE ALEGAN

A. Comunicación externa ou relacional

A empresa ten páxina web? SI/NON	
No caso de ter páxina web, está en galego? SI/NON Indique o enderezo:	
A empresa ten redes sociais? SI/NON	
No caso de ter redes sociais, están en galego? SI/NON Indique os enderezos:	
A sinalética do establecemento empresarial está en galego? SI/NON No caso de estar en galego, achegue imaxes	
Realiza campañas publicitarias ou materiais promocionais en calquera soporte en galego? SI/NON	

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
09/10/2025 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A0A0D97
09/10/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
secretaría
Alcalde

NOME:
Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC201F13F435A3FF54D90

En caso de resposta positiva, achegue imaxes ou ligazóns	
Usa habitualmente o galego nas súas actividades e nos seus servizos? SI/NON	
A atención habitual á clientela e ao público en xeral realízase en galego? SI/NON	
Outros méritos	

B. Comunicación interna ou de xestión

A comunicación interna co persoal ou entre os diferentes departamentos, se os houbese, realízase en galego? SI/NON	
Se as posúe, achegue mostras documentais sen datos persoais (nóminas, contratos...)	
Na súa empresa existen normas, formais ou informais, de usos lingüísticos que fomenten o uso do galego e a diversidade lingüística? SI/NON	
*Se posúe mostra documental, achéguea	
Outros méritos	

4. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA PARA ACREDITAR OS MÉRITOS

--

O Concello de Ames poderá comprobar a veracidade dos datos achegados ou requirir máis información sobre os usos lingüísticos das empresas candidatas ao premio.

A persoa interesada, nos termos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, manifesta baixo a súa responsabilidade:

1. Que coñece e acepta todo o recollido nas bases desta convocatoria.
2. Que acepta e autoriza a participación da empresa que representa nesta convocatoria.
3. Que, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 38/2033, xeral de subvencións, non está incurso en ningún dos supostos que lle impidan obter a condición de beneficiaria de subvencións das Administracións Públicas, que acepta e que se compromete a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.
4. Que se atopa ao corrente nas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia, co Concello de Ames e coa Seguridade Social e que se compromete a manter esta situación ata a completa

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
09/10/2025 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
09/10/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
secretaría
Alcalde

NOME:
Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC201F13F435A3FF54D90

resolución do expediente.

5. Que se somete ás actuacións de comprobación e achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar.

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO	
A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa	
No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento cos deberes tributarios ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.	AUTORIZO A CONSULTA
Estar ao corrente de pagamento coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).	O SI O NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias da Seguridade Social	O SI O NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias do Concello de Ames	O SI O NON

DECLARO QUE ESTOU INFORMADO/A de que a participación na gala de entrega de premios do certame literario poderá implicar a **captación de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc.** (en diante, "imaxes") das persoas participantes, coa finalidade de difundir publicamente esta actividade.

AUTORIZACIÓN PARA A CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES PERSOAIS	
Autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello especificados na epígrafe dos destinatarios	O SI O NON

As imaxes serán conservadas durante o tempo necesario para a consecución das finalidades indicadas ou, se é o caso, en tanto as persoas interesadas non retiren o consentimento outorgado.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	Xestionar a participación no VIII Premio Lingua e Empresa Concello de Ames.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
Destinatarios dos datos	Base de Datos Nacional de Subvencións, Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. Co fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

DATA DE SINATURA: 09/10/2025
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A0A0AD97
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: secretario
Alcalde

NOME: Lucia Artime Alonso
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC201F13F435A3FF54D90

Lugar e data: , de de 2025

Nome e sinatura:

PARA O XURADO DO PREMIO LINGUA E EMPRESA DO CONCELLO DE AMES

DEPARTAMENTOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PROMOCIÓN ECONÓMICA

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 09.10.2025, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Lucia Artime Alonso

C.I.F.: P - 1500200 - I

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
09/10/2025 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
09/10/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
secretaria
Alcalde

NOME:
Lucia Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC201F13F435A3FF54D90